

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de agosto de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco do día dezasete de agosto de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e a interventora acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(931).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(932).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA ORGANIZAR O VIII DÍPTICO CICLISTA INTERNACIONAL DE GALICIA OS DÍAS 20 E 21 DE AGOSTO DE 2011. EXPTE. 10656/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 11.08.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués a organizar os vindeiros días 20 e 21 de agosto, o VIII DIPTICO CICLISTA INTERNACIONAL DE GALICIA, que consta das seguintes probas:

- VIII GRAN PREMIO VILAS DE PONTEVEDRA VIGO-VIGO, a celebrar o 20 de agosto, cun percorrido por A Madroa, Redondela, Arcade, Pontevedra, Pontecaldelas, Maceira, Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Porriño, Redondela e Vigo (Teis-A Madroa), con saída ás 15.00 e chegada aproximadamente ás 18.42h (según rutómetro).
- XXXVIII GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO, a celebrar o 21 de agosto, a partir das 09.30h, co percorrido polas rúas Ufas, Vía servizo circunvalación Oeste e rotonda C. Oeste-VG 20, dirección Matamá, VG 20, rotonda, Teixugueiras en dirección a rúa Ufas e chegada a meta ás 13.00 h (segundo plano adxunto no expediente).

3(933).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA CON CARGO A PRAZA DE DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE. 22256/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.08.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 10.08.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina dunha praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase; Media, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizo de Benestar Social contida nos escritos de datas 16 de marzo e 1 de agosto de 2011.

2º.- Nomear funcionaria interina con cargo á praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social a D^a. M^a. LOURDES GUERRERO MELEIRO, DNI 44.477.462-Q, aspirante que superou tódolos exercicios e acadou a máxima puntuación no proceso de selección de persoal para Diplomados/as en Traballo Social, autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2011, BOP de 31 de maio seguinte.

O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente a condición de funcionaria interina no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público a incluír na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2010, ou, senón se convocase, na primeira oferta de emprego que se convoque, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do

previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.